

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Tratarase de configurar neste curso como un proxecto interdisciplinario en colaboración con distintos axentes sociais.

O Instituto de Educación Secundaria Aquis Celenis é un centro público situado na poboación de Caldas de Reis, que recibe alumnos de toda a comarca de Caldas, principalmente do propio concello de Caldas e dos concellos de Cuntis, Portas e Moraña. O centro oferta ensinanzas de ESO e Bacharelato.

Os alumnos/as de ESO proveñen na súa maioría do colexio de primaria San Clemente, que é o centro adscrito ao IES Aquis Celenis, mentres que o resto de alumnos/as proceden de centros diversos: La Encarnación, Afonso VII e Mosteiro.

Estamos a espera dunha importante ampliación que solucione os problemas de espazos e recursos materiais: a biblioteca escolar é moi pequena para o número de alumnas/os no centro, o ximnasio é moi pequeno e hai que facer un uso compartido do pavillón municipal próximo ao recinto educativo (pero fóra del), houbo que eliminar hai anos os departamentos para convertelos en aulas de desdobre... Ademais este curso vimos reducidos os recursos humanos nun profesor e medio, nun claustro que xa estaba coa carga horaria completa (coas implicacións didácticas que iso carrega).

Entre traslados e xubilacións, o claustro renovouse nunha gran porcentaxe nos tres últimos anos.

Esta programación é un documento flexible, que, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, á temporalización e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:

- Profesorado dinámico que participa en diversos proxectos e grupos de traballo.
- Equipo directivo colaborador e facilitador do desenvolvemento de proxectos e actividades.
- Plan Xeral de Atención á Diversidade realizado e aprobado.
- Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega moi activos.

As nosas decisións programáticas obedecen ao obxectivo educativo e social de contribuír á formación de futuros cidadáns curiosos e respectuosos coa diversidade cultural, críticos e reflexivos interesados polo coidado do patrimonio, defensores dun turismo diversificado e sustentable. Elaborándose esta programación desde o Departamento de Latín e Grego, mais tratándose de Proxecto Competencial, será necesario prestar atención aos obxectivos e criterios fundamentais establecidos polo DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para este nivel, coas súas especificidades.

Esta materia impártese nun grupo de 1º ESO, de 16 alumnas/os, onde se mestura alumnado do grupo A e B.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Neste curso tratarase de configurar como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A vida en movemento	Nesta unidade estúdase a importancia da viaxe para os seres humanos así como a distribución e os usos da mesma: tipos de viaxes, evolución no tempo, grandes viaxeiros...	33	12	X		
2	As emocións da viaxe	Nesta unidade o alumnado traballará de xeito creativo en torno as emocións (positivas e negativas) que poden provocar as viaxes	33	10		X	
3	Planificando unha viaxe	Unidade na que cada grupo elabora, expón e presenta un proxecto de viaxe	34	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A vida en movemento	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar a importancia das viaxes na vida dos homes e os distintos tipos e motivacións dos desprazamentos humanos.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos distintos proxectos		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	As emocións da viaxe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Planificando unha viaxe	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as viaxes planificadas aos grupos para os que foron deseñados	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo diversos proxectos que enmarcaremos no tema xeral das viaxes. Chamaremos ao conxunto "Viaxando".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo da importancia dos desprazamentos e viaxes para a especie humana. O tema é moi amplo e procurarase que cada grupo busque que linea de investigación lle apetece seguir. A profesora propondrá algúns temas, pero contarase tamén coas achegas do alumnado. Algunhas suxestións para posibles investigacións son:

- Desprazamentos por necesidade dende a Prehistoria (nomadismo) ata as migracións actuais forzadas pola pobreza, a fame ou a guerra.
- Desprazamentos por algún tipo de interese: para conquista, para exploración...
- Viaxes por curiosidade, interese por coñecer, por pracer.
- Grandes viaxeiros reais e literarios.

- O turismo: problemática do turismo masivo,
O resultado deste primeiro achegamento ao tema serán paneis informativos elaborados por cada grupo.

Se a 1ª avaliación era máis informativa, a SEGUNDA AVALIACIÓN vai ser a máis creativa. Unha vez centrado o tema, imos traballar encol das emocións (positivas e negativas) asociadas ás viaxes. Os distintos grupos cooperativos poderán decidir o formato e o produto que van elaborar: debuxos, collages, vídeos, performances....

Entre a 2ª e a 3ª avaliación cada grupo de traballo decidirá para que grupo social quere facer a planificación da viaxe. Eses grupos poderían ser: a súa clase, o clube de Ciencias, o clube de lectura, unha asociación musical, unha asociación deportiva, unha asociación cultural, unha asociación veciñal....

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, tras entrevistarse co grupo para o que vaian elaborar o proxecto de viaxe para coñecer os seus gustos e intereses, farán unha planificación detallada e realista da viaxe (data, destino, actividades, horarios, medio de transporte, custo...). Finalmente as asociacións ou grupos para os que se faga o proxecto serán invitados ao centro para a presentación das propostas.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia
- Matemáticas (presupostos para viaxes)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Ocasionalmente poderemos acudir a outros espazos como a biblioteca ou a aula de plástica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación dos paneis informativos coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do proxecto creativo deseñado polo grupo.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración, presentación e exposición do proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente máis ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un desafío maior na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de experiencias viaxeiras	Contacto con persoas con experiencias viaxeiras peculiares ou que fixeron da viaxe o seu modo de vida para complementar as actividades, sexa coa súa presenza no centro, sexa cunha visita específica.	X		
Entrevista nunha emisora de radio local.	Difusión informativa do proxecto final.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados